

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE
DO 15 DE XULLO DE 2022**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00036488H.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. COMERCIO. Referencia: 2022/00035709K.

Aprobación das bases da convocatoria para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da Praza de Abastos a través dos bonos Corazón Compostela Praza de Abastos e apertura do prazo de adhesión para os establecementos interesados.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobación do gasto por importe de 30.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890101.

Segundo.- Aprobación da convocatoria de concesión das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da Praza de Abastos de Santiago de Compostela “Bonos Corazón Compostela Praza de Abastos” e apertura do prazo de adhesión ao programa para os establecementos interesados.

Terceiro.- A publicación da convocatoria no BOP de A Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3. COMERCIO. Referencia: 2022/00026473P.

Dación de conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da Praza de Abastos, a través dos bonos Corazón Compostela Praza de Abastos

Acórdase:

Primeiro: Tomar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da contorna da Praza de Abastos, a través dos bonos Corazón Compostela Praza de Abastos.

Segundo: Comprometer o gasto, por importe de 6.678,64 euros, con cargo á aplicación 010 43100 2269900, a favor de Abanca Corporación Bancaria S.A pola súa consideración de entidade colaboradora designada para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da contorna da Praza de Abastos, a través dos bonos Corazón Compostela Praza de Abastos.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00032268B.

Adjudicación do contrato denominado “Obras do proxecto de iluminación de Figueiras”.

Acórdase adjudicar o contrato denominado Obras do proxecto de iluminación de Figueiras á empresa MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE, SL por un importe de 39.353,00 euros máis 21% IVE: 8.264,13 euros, sendo a súa oferta a única que queda admitida neste procedemento de adjudicación e cumprir os requisitos exixidos nos pregos para ser adjudicatario.

Así mesmo, compromete a adscrición como parte do equipo de traballo dun técnico (medio/superior) especialista en electricidade con dedicación de alomenos o 50% da xornada e unha ampliación do prazo de garantía de 10 anos sobre o prazo mínimo de dous.

Desígnase como responsable do contrato ao Director Facultativo da obra conforme ao establecido no artigo 62.2 da LCSP. A unidade de Benestar Medioambiental e Servizos Básicos e comunitarios será a encargada do seguimento e control ordinario do contrato.

Segundo: Comprometer o gasto que financie con cargo á aplicación orzamentaria 020 16500 6090001 2021 2 INVAL 4 1 INVESTIMENTOS EN ALUAMEADO PUBLIC. Conforme a seguinte anualidade e importe:

Anualidade 2022: **47.617,13 euros**